

**CULTURA CLÁSICA**

**3º ESO**

**Programación didáctica**

**Curso 2019-20**

## **I.-Introdución e contextualización.**

Esta programación didáctica é o instrumento específico de planificación, desenvolvemento e avaliación da materia do currículo vixente en Galicia durante o curso 2019-2020.

### **I.1 Marco xurídico**

Según o *Decreto 86 / 2015*, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia; recóllese que a materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literarios, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a define.

### **I.2 Composición do equipo de profesores a impartir a asignatura**

Cultura Clásica será impartida este curso polo profesor Daniel García Cancio (Dpto de Grego) en dous grupos de 3º ESO, a razón de 2 horas semanais cada grupo.

## **II.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe da materia que forman parte dos perfís competenciais.-**

As competencias do currículo establecidas pola normativa básica para o noso sistema educativo son:

- a) Comunicación lingüística(=>CCL)
- b) Competencia digital(=>CD).
- c) Aprender a aprender(=>CAA).

- d) Competencias sociais e cívicas (=>CSC).
- e) Conciencia e expresións culturais (=>CEC)
- f) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(=>CMCT)
- g) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (=>CSIEE).

Ainda que se tratan todas elas, hai unhas que se traballan máis polo específico da asignatura, e outras que se ven só dunha maneira máis tanxencial ou transversal. Debido a iso, decídese que só avalíaranse as cinco primeiras Competencias citadas.

No seguinte epígrafe , se verá de xeito máis clarificador

### **III.- Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de apredizaxe e grao mínimo de cosecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.**

A materia Cultura Clásica ten como finalidade facilitar ao alumnado un primeiro achegamento xeral ao estudo das civilizacións grega e latina con obxecto de que, a partir do seu estudo, poida tomar conciencia da pervivencia, influencia e presenza de moitos destes aspectos na cultura occidental, mellorando deste xeito a súa comprensión do que constitúe a súa identidade cultural e das diversas manifestacións que a definen.

A través da Cultura Clásica preténdese iniciar ao alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases sobre as que descansan algunhas das realidades máis características da nosa cultura, confrontando estas con diversos aspectos do que coñecemos como legado clásico e establecendo relacións de correspondencia entre unhas e outros.

De acordo con esta formulación, o currículo básico da materia artículase nunha serie de bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes, aínda que claramente interrelacionados: un do ámbito lingüístico e outro do ámbito non lingüístico.

Tendo en conta o nº de clases semanas- dúas- en que se desenvolve a materia de Cultura clásica de 3º, a articulación dos contidos establecerase da seguinte maneira:

**PRIMERA AVALIACIÓN: Primeiro trimestre ( aprox. 26 sesións)\***

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTANDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ELEMENTOS TRANSVERSAIS	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN	CRITERIOS CUALIFICACIÓN
<b>BLOQUE 1: XEOGRAFÍA</b>								
l p	B1.1 Marco xeográfico da civilización grega	B1.1	CCB1.1.1	Localiza nun mapa os principais enclaves da civilización grega	CCEC CD CSC	EC CA TIC	Observación directa Traballo de clase Exame	Todo o bloque 1 representa o 10% da nota do exame
<b>BLOQUE 2. HISTORIA</b>								
e ñ	B2.1 Marco histórico da civilización grega: da época minóica e micénica ao mundo helenístico.	B2.1.	CCB2.1.1.	Coñece as principais etapas da civilización da antiga Grecia.  Identifica os principais acontecementos e personaxes do mundo helénico	CSC-CD-CCEC	EOE CL EC	Exposición oral Traballo de clase Probas orais Exame	Todo o bloque 2 representa o 20 % da nota do exame
<b>BLOQUE 3. MITOLOXÍA</b>								
b	B3.1 O Panteón grego e romano.	B3.1.	CCB 3.1.1	-Nomea os principais deuses da mitoloxía gregolatina. Identifica os seus atributos e a súa xenealoxía.	CAA-CCL-CCEC CD	CL EOE TIC	Exposición oral Observación directa Traballos específicos sobre o tema Coavaliación Exame	Todo o bloque 3 representa o 30% da nota do exame

				Explica a súa relación cos demais deuses e a cosmogonía da que xurdiron.				
E a b	B3.2 Relato mítico: A Guerra de Troia.	B3.2	CCB 3.2.1	Identifica e coñece os principais dos heroes e personaxes principais da Guerra de Troia.	CAA-CCL-CD CCEC	TIC CL EOE	Exposición oral Observación directa Traballos específicos sobre o tema Coavaliación Exame	

#### BLOQUE 6. LINGUA E LITERATURA

e	B6.2. O alfabeto grego.	B6.2.	CCB 6.2.1.	Identifica o alfabeto grego	CCEC-CCL-CAA	EOE-TIC-EOE	Traballo de clase Observación directa Coavaliación Exame	Todo o bloque 6 representa o 40% da nota do exame (20% +20%)
L Ñ o	B6.5 Composición e derivación culta de orixe grego	B6.6	CCB.6.6.1.	Coñece algúns helenismos (25) frecuentemente utilizados no léxico que manexa habitualmente	CSC-CCL-CCA	EOE-CL	Traballos específicos. Exame	

**SEGUNDA AVALIACIÓN: Segundo trimestre (Aprox. 26 sesións)\***

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTANDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ELEMENTOS TRANSVERSAIS	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN	CRITERIOS CUALIFICACIÓN
<b>BLOQUE 1: XEOGRAFÍA</b>								
l p	B1.1 Marco xeográfico da civilización romana	B1.2	CCB1.2.1	Localiza nun mapa os principais territorios que ocupou o dominio romano.	CCEC CD CSC	EC CA TIC	Observación directa Traballo de clase Exame	Todo o bloque 1 representa o 5 % da nota do exame

**BLOQUE 2. HISTORIA**

e ñ	B2.1 Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.	B2.2	CCB2.2.1. CCB2.2.2 CCB2.2.3 CCB2.2.4	-Identifica os principais acontecementos e personaxes do mundo romano. -Distingue e coñece as etapas da historia da antiga Roma -Elabora eixes cronolóxicos cos feitos máis salientables.-	CSC-CD-CCEC	EOE CL EC	Exposición oral Traballo de clase Probas orais Exame	Todo o bloque 2 representa o 20% da nota do exame
--------	--	------	---	--	-------------	-----------------	---	---

<b>BLOQUE 3. MITOLOXÍA</b>								
e a b	B3.2 Os heroes	B3.2.	CCB 3.2.1 CCB 3.2.3 CCB 3.2.4	Identifica, coñece as lendas e distingue súa permanencia nas artes plásticas de heroes de renome tales como: Odiseo, Hércules , Perseo, Teseo e Dédalo e Ícaro.	CAA-CCL-CCEC CD	CL EOE TIC	Exposición oral Observación directa Traballos específicos sobre o tema Coavaliación Exame	Todo o bloque 3 representa o 30% da nota do exame
l ñ	B3.3 Relixión grega	B3.3	CCB3.3.1	Explica as principais características da relixión grega	CSC-CMCCT CCF	TiC CL EOE ECC		
<b>BLOQUE 4. ARTE</b>								
l b	B4.2 Arquitectura grega e romana	B4.2	CCB4.2.1	-Identifica e recoñece as características esenciais da arquitectura grecorromana	CCEC-CAA-CD	CA-TIC	Traballos específicos Exame	
<b>BLOQUE 5. SOCIEDADE E VIDA COTIÁ</b>								
m	B5.4 Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda	B5.4	CCB.5.4.1. CCB.5.4.2	-Identifica os tipos de vivenda	CSC-CMCCT- CAA-CD-CCL	EC-CA-CL-TIC-	Traballos específicos Exame	Todo o bloque 5 representa o 20% da nota do exame
<b>BLOQUE 6. LINGUA E LITERATURA</b>								
e	B6.6 Latinismos	B6.7	CCB6.6.1	Recoñece e explica o significado de 25	CCL-CCA	EOE-CL		Todo o bloque 6 representa o 25%

				latinismos			Traballos específicos	da nota do exame
h ñ o	B6.5 Composición e derivación de orixe grego-latino	B6.6	CCB.6.6.2.	Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes	CCL-CCA	EOE-CL	Exame	

**TERCEIRA AVALIACIÓN: Terceiro trimestre ( Aprox. 16 sesións)\***

<b>BLOQUE 2. HISTORIA</b>								
o ñ	B2.1 Marco histórico da civilización grega  B2.2 Marco histórico da civilización romana	B2.3.	CCB2.3.1.  CCB2.3.2	Explica con exemplos a romanización de Hispania na Gallaecia.	CSC-CCEC-CAA-CCL	EOE CL EC	Exposición oral Traballo de clase Probas orais Exame	Todo o bloque 2 representa o 20 % da nota do exame

**BLOQUE 3. MITOLOXÍA**

e a b	B3.2 Mitos grecolatinos	B3.2.	CCB 3.2.4	Recoñece referencias de MITOS NOS SIGNOS DO ZODIACO nas artes plásticas.	CAA- CCEC CD	CL EOE TIC	Exposición oral Observación directa Traballos específicos sobre o tema Coavaliación Exame	Todo o b represe da nota
e a b	B3.2 Mitos grecolatinos	B3.2.	CCB 3.2.3	Personaxes que sufriron castigos divinos: PROMETEO, TÁNTALO, IXIÓN, DANAIDES e EDIPO.	CCEC CD CAA CCL	EC PV CL CA TIC		
b	B3.4 Relixión romana	B3.4	CCB3.4.1	Distingue os rasgos máis				



				salientados da relixión de Roma				
--	--	--	--	---------------------------------	--	--	--	--

BLOQUE 4. ARTE								
l ñ	B4.4 Obras públicas e urbanismo romano	B4.4	CCB4.4.1	Identifica os principais edificios públicos en Roma:Teatro, anfiteatro e Circo.	CSC-CMCCT CD-CCEC	CL-TIC-ECC	Traballo colaborativo ou individual Exame	Todo o bloque 4 representa o 25% da nota do exame
BLOQUE 6. LINGUA E LITERATURA								
e	B6.6 Latinismos	B6.7	CCB6.6.1	Recoñece e explica o significado de 25 latinismos	CCL-CCA	EOE-CL	Traballos específicos Exame	Todo o bloque 6 representa o 25% da nota do exame
h ñ o	B6.5 Composición e derivación de orixe grego-latino	B6.6	CCB.6.6.2.	Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes	CCL-CCA	EOE-CL	Traballos específicos. Exame	

*\*É posible que ao longo do curso debamos axustar ou alterar lixeiramente a orde dos contidos por motivos pedagóxicos ou segundo os resultados do proceso de avaliación do alumnado. En calquera caso este axuste non suporá un cambio relevante a final do curso*

## IV.- Metodoloxía didáctica.

A metodoloxía empregada será activa, participativa e significativamente inductiva en moitas ocasións. Preténdese que o alumno se sinta responsable de seu proceso de aprendizaxe e que lle esixa unha intensa actividade mental que o leve a reflexionar e xustificar a súa actuación. En consecuencia, o labor do profesor consistirá en motivar, suxerir e animar. O alumno, protagonista activo, debe estar aberto á comprensión, expresión e reflexión das mensaxes recibidas.

A metodoloxía estará sempre condicionada pola resposta obtida ao longo do curso, modificando os aspectos necesarios se os resultados das avaliacións non fosen satisfactorios.

## V.- Materiais e recursos didácticos.

Decantámonos por a utilización de materiais propios elaborados ad hoc polos dous profesores que impartimos a materia.

Estará conformado por:

- *Materiais impresos*: materiais de lectura, exercicios, elaborados polos componentes dos Departamentos de Grego e Latín.
- *Instrumental*: libros, enciclopedias, pizarra, cadernos, fichas...
- *Audiovisuais*: powerpoints, películas, grabacións...
- *Informático*: equipos informáticos, recursos de internet, blogs... (contamos ca aula de informática para impartir as veces clase, onde podemos dispor de ordenadores, cañón, pizarra dixital e conexión a internet.)

## VI.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

A avaliación non dependerá dun só instrumento , senon de varios procedementos que permitirán avaliar o proceso de ensinanza-aprendizaxe:

- Probas escritas. Realizaranse dúas probas escritas cada avaliación e serán puntuadas de cero a dez.
  - Test de lectura: Realizarase a lectura obligatoria cada trimestre que será debidamente controlada mediante a realización dunha proba.
  - Exposición oral dun tema de tradición clásica: Poderá fecerse de maneira individual ou en parella. Duración mínima desta será de 5 min.
- 
- ✓ Traballo de clase e de casa serán valorados positiva e negativamente. Poderán subir o baixar a nota da avaliación 1 punto. Con dez positivos súbese 1 punto, con dez negativos baixase 1 punto na nota final da avaliación.
  - ✓ A nota mínima para aprobar a avaliación é de 5.

De cara á calificación , terase en conta o grado de consecución dos obxectivos .

As porcentaxes no sistema de cualificación, quedaría da seguinte maneira durante a avaliación ordinaria:

Probas escritas	Proba de lectura	Exposición oral
80%	10%	10%

Polo tanto, a nota obterase mediante a seguinte fórmula:

$$(PE 0'8 + PL 0'1 + EO 0'1) + (1 \text{ pto máximo de traballos diarios na aula ou na casa})$$

Considérase que o alumno supera unha avaliación cando a nota final, unha vez aplicada a ponderación de cada apartado, acada un 5.

Nestes, a materia de exame será a programada nos contidos. Terase en conta a coidada presentación, limpeza, boa expresión e a corrección ortográfica nestes exames, premiándose cun mínimo de 0'5 puntos a nota , sempre e cando éste estea aprobado.

Os exames puntuaranse sobre dez puntos. Para aprobar unha avaliación é necesario que o alumno obteña alomenos unha media de cinco puntos nas probas escritas .

Neste curso, 3º de ESO, farase un exame de recuperación por avaliación ó comenzo do trimestre seguinte e incluso unha recuperación final en xuño de carácter global co contido dos tres trimestres de curso. Tanto as recuperacións como o exame global valoraranse cun máximo de 5 puntos (APTO).

-A aqueles alumnos que superen a materia as tres avaliacións sen necesidade de acudir á recuperacións, faráselles a nota media.

- Aquellos alumnos que non superen la materia na convocatoria ordinaria de xuño deberán presentarse con toda la materia do curso a proba extraordinaria .

### ***PROBA EXTRAORDINARIA***

En Setembro o exame extraordinario será unha única proba, a mesma para todos os alumnos e constará de cuestións teóricas .

Dita proba valorarase de 0 a 10 puntos . A nota que resulte significará o 100% da nota final de Setembro.

Quérese deixar especificado no presente documento que non se farán probas escritas separadamente das marcadas , a non ser que o alumno que falte presente un xustificante oficial.

O **grao mínimo de consecución** para superar a materia versará sobre, e polo tanto, **os mínimos esixibles** serán :

- Mitoloxía:

a)Coñecer o panteón dos deuses Olímpicos: nome grego e romano, atributos e principais cualidades que posúen.

b) Heroes: Hércules, Prometeo, Teseo, Edipo.

- Arte: Grandes obras públicas grecorromanas

- Historia: coñecer os periodos históricos da historia das dúas civilizacións clásicas e os feitos e protagonistas máis destacados.

- Vocabulario e expresións de orixe grecolatino pertencentes ao léxico explicado na aula.

## **VII.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

Observaránse entre outros, os seguintes parámetros:

- Na aula:

-O grado de satisfacción que demostre o alumnado ante a asignatura.

- Os resultados (bós) que se acaden nas probas avaliativas.

-A observancia dos profesores no desenvolvemento da Programación docente.

-A aplicación axeitada das medidas necesarias con alumnos de atención á diversidade.

- O exame da aplicación dos criterios de avaliación da aprendizaxe.

- A valoración das medidas de reforzo e apoio empregadas cos alumnos que as necesitasen.

- A reflexión sobre o uso dos materiais didácticos empregados e a súa utilidade por si houberse que modificar a metodoloxía empregada.

Coa intención de obter un feedback sobre a súa labor docente, os profesores, ao remate do curso, repartirá aos alumnos unha escala de estimación con ítems referidos á súa praxis docente: contidos, metodoloxía e obxectivos.

- No propio Centro de ensino:
  - A coordinación con outros profesores do IES á hora de facer tarefas colaborativas.
  - O aproveitamento dos materiais e recursos do centro, indicando melloras que puidesen facerse no seu uso e temporalización.
  - As relacións establecidas con outros sectores da comunidade educativa para manter ou mellorar a convivencia, especialmente cos pais ou representantes legais.
  - A coordinación adecuada co equipo directivo, os distintos membros do departamento e os titores dos grupos.

## **VIII.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

Existe no noso Centro, o IES Xesús Taboada, un Plan de Traballo para a recuperación das materias pendentes da ESO (alumnos de 2º que teñen materias pendentes de 1º, alumnos de 3º con materias pendentes de 2º e/ou 1º, alumnos de 4º con materias pendentes de 3º e/ou 2º e/ou 1º).

Co obxecto de facilitar a recuperación das materias pendentes, a Comisión de Coordinación Pedagóxica acordou o seguinte:

**A.-** O alumno con materias pendentes que realice satisfactoriamente os traballos ou probas marcados polo departamento, superará a materia pendente.

**B.-** Aqueles alumnos que polo criterio anterior non superen a materia pendente terán unha proba final ordinaria en maio e unha extraordinaria en setembro.

**IX.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

O tratarse dunha materia nova para os alumnos que a cursan, non se contempla proba de avaliación inicial.

## **X.- Medidas de atención á diversidade.**

Incluiríamos neste apartado a tres tipos de alumnos: os de procedencia estranxeira, os superdotados o de altas capacidades y os alumnos con necesidades educativas especiais.

De xeito xeral , utilizaremos as seguintes estratexias:

-Utilización dunha linguaxe directa e clara na exposición dos contidos gramaticais.

-Elección de textos para traducir de progresiva complicación conceptual e gramatical.

-Actividades que implican reflexión, relación e integración de aspectos diverxentes: obrígase con iso ao alumno a relacionar aspectos de mundo romano coa época actual, co que de enriquecedor ten tal exercicio.



## **XI.- Concreción dos elementos transversais que se traballarán.**

Aparece explicitados de maneira detallada e desglosada no epígrafe III desta Programación.

A continuación sinalaremos a que equivalen as siglas alí mencionadas:

CL => Comprensión lectora                      EOE=>Expresión oral e escrita

CA=>Comunicación audiovisual              PV=>Prevención da violencia

EMP=>Emprendemento                      EC=>Educación cívica

PV=> Prevención da violencia

TIC=>Tecnoloxías da información e comunicación

## **XII.- Actividades complementarias e extraescolares.**

A realización destas actividades dependerá do desenvolvemento da programación e da propia organización das actividades do Centro.

Se é posible, sempre se realizarán en colaboración colaborativamente os dous Departamentos de Clásicas do noso centro.

En principio, a proposta que temos es unha viaxe a Ourense dentro do marco do Festival de Teatro Clásico Xuvenil Grecolatino, para asistir a unha representación teatral .

Tamén está previsto un taller de escrituras antigas gregas de dúas clases de duración.

Desexaríase para o presente curso escolar , organizar unha viaxe educativa dunha duración de dous días a contornas onde quedase manifestamente patente a pervivencia da tradición clásica nos nosos días.



### **XIII.- Programación da educación en valores.**

Nesta materia educarase aos alumnos nos seguintes aspectos:

1. Respetto ao traballo propio e dos demais.
2. Respetto polo material do Centro , uso dos ordenadores , ou uso do material bibliográfico da aula , ou da Biblioteca.
3. Tolerancia sobre as ideas dos demais cando expresen as súas dúbidas ou pregunten na clase.
4. Puntualidade na asistencia a clase e na entrega dos traballos solicitados polo profesor.
5. Perseverancia na realización dos exercicios.
6. Esforzo continuado no aprendizaxe.
7. Respetto polas normas .
8. Interés , valoración e respecto polo proceso de ensino-aprendizaxe.
9. Colaboración nas tarefas de grupo.

### **XIV.- Accións de contribución ao Proxecto Lector.**

A materia de Cultura Clásica fomenta a lectura e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral e escrita.

Isto queda reflectido en varios aspectos:

- a) No cotián devir da clase, coa lectura da lección que corresponda e a interpretación do lido por parte do alumno.
- b) Coa realización de resumos escritos e/ou exposicións orais sobre aspectos concretos sinalados pola profesora ao longo do curso.
- c) Coa lectura de obras de temas relacionados co mundo grecorromano, que consiga introducir aos alumnos no mundo clásico dunha forma

amena e entretenida. Para elo, na Biblioteca do Centro, contamos con unha ampla bibliografía que permitirá o acceso do alumnado a ditas lecturas ou se non, recorrerase a material en pdf colgado na Internet.

Preténdese que sexa obrigatoria unha lectura por avaliación ao longo do curso:

- Na 1ª Avaliación: Cuentos y leyendas da Odisea (adaptación escolar da obra de Homero)
- Na 2ª Avaliación: Mitos griegos de María Angelidou
- Na 3ª Avaliación: Catasterismos de Eratóstenes

Ademais, os dous profesores da materia, participarán en calquera actividade de animación á lectura elaborado a través do Plan Lector do Centro para coaduxar á creación de hábitos de lectura.

## **XV.- Accións de contribución ao Plan TIC.**

Respecto ás Tecnoloxías da Información e a Comunicación, dende o Departamento de Latín tratará de que o alumnado:

-Desenvolva a súa capacidade investigadora e creativa para conseguir que sexa el o protagonista da súa propia aprendizaxe, buscando fontes propias de información e elaborando material se se lle require.

-Poda ter acceso a coñecementos sobre o mundo romano relacionados cos contidos da asignatura que cursa o de interese persoal.

-Poda ter acceso a material que poda ser descargado e impreso [apuntes, exercicios, fotos, mapas, presentacións,...].

-Acceda a portais educativos especializados en temas de cultura clásica, blogs, etc.

Realice exercicios interactivos de webs seleccionadas pola profesora alomenos unha svez ao mes na aula de informática, se é posible, para repasar os contidos explicados na clase.

Na medida das nosas posibilidades, utilizaremos Internet na aula para afondar nos contidos da materia referentes sobre todo, ao ámbito "Roma e o seu legado existente en imaxes, visitas virtuais a museos, busca de información.... seralles útil para ilustrar os contidos adscritos ao devandito apartado.

## **XVI.- Accións de contribución ao Plan de Convivencia.**

Trataráse de conseguir un clima de traballo na aula que permita o desenvolvemento das actividades con normalidade. Cando se detecte algún problema entre alumnos ou con eles, comunicárase ao equipo de Mediación Escolar, para a súa posible resolución. De non ser así comunicárase a Xefatura de Estudos para a aplicación das medidas correctoras que establece o Regulamento de Réxime Interno.


Ademáis, a profesora participará nos plans de formación que se están a desenrolar dentro do propio Centro, de "Habilidais sociais para o profesorado " e " Titoría entre iguais".

## **XVII.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da Programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

Unha vez ao mes incluírase no Libro de Actas de Departamento de Latín o seguemento da programación e as súas modificacións, incluíndo as causas que provoquen tales modificacións , se fora o caso.

Na Memoria final de curso, realizarase unha valoración desta programación e incluíránse as posibles modificacións para o vindeiro curso.

**Verín, 16 de setembro de 2019**

A handwritten signature in black ink, written in a cursive style. The signature appears to be 'Daniel García Cancio' and is written diagonally across the page.

**Fdo. : Daniel García Cancio**